

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36013761	IES A Xunqueira I	Pontevedra	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Proxecto competencial	4º ESO	1	35

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	6
4.2. Materiais e recursos didácticos	7
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	7
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	8
6. Medidas de atención á diversidade	8
7.1. Concreción dos elementos transversais	9
7.2. Actividades complementarias	9
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	10
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	11
9. Outros apartados	11

1. Introducción

A presente programación didáctica, elaborada para a materia de Proxecto Competencial do 4º curso da ESO, ten como referencia o currículo que establece Decreto 156/2022 do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Para a elaboración das unidades didácticas que desenvolverá a programación tívose como referencia un currículo que ten como obxectivo o desenvolvemento das competencias transversais mediante a realización de proxectos significativos para o alumnado e a resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade. e que se pode configurar neste curso como un proxecto interdisciplinar en colaboración con distintos axentes sociais.

Outro aspecto que foi tido en conta á hora de deseñar a presente programación foi o centro no que se ía implementar: as características do mesmo, as do seu alumnado e o seu entorno.

Esta programación didáctica está pensada para ser levada á práctica nun IES situado na cidade de Pontevedra.

A maioría do alumnado ao que vai dirixido este proxecto vive na cidade de Pontevedra, pero hai un pequeno grupo que vén dos arredores. A situación socioeconómica deste pequeno grupo é maioritariamente rural.

Son catro grupos de 4º ESO aos que vai destinado este Proxecto. Diremos o número de alumnos e alumnas que forma cada un deles: 4º ESO A: 15, 4º ESO B: 20, 4º ESO C: 23 e 4º ESO D: 14. Así que temos un total de 72 alumnos e alumnas con este Proxecto Competencial.

O que se pretende con este proxecto concreto, co título de "axuda á comunidade" é que o alumnado demostre as súas habilidades de solidariedade e empatía, coñecendo e intentando levar a práctica aquilo que estea nas súas mans, e reflexionar de que modo pode axudar a aquelas persoas e animais que estean sufrindo situacións de pobreza, soidade, abandono, enfermidades, dándolle especial relevancia as enfermidades mentais, xa que estas sofren de moitos estigmas,..., e que coas súas ideas e actuacións intenten contestar a pregunta de: como poderemos acadar un mundo mellor e máis xusto? Que podo aportar eu?

Iniciamos este camiño coa frase de Eduardo Galeano:

"Moita xente pequena, en lugares pequenos, facendo cousas pequenas pode cambiar o mundo"

Aínda que o obxectivo desta frase nos queda moi lonxe, intentaremos poñer a semilla para que vaia crescendo nun futuro no interior dos nosos alumnos e alumnas.

Oxalá sexa así.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Diseñar un plan de traballo para a realización dun proxecto ou a resolución dun problema a través da definición de obxectivos e das accións para acadalos, tendo en conta as necesidades da contorna.	1			1	1-5	3	1-2-3	
OBX2 - Desenvolver o proxecto segundo a planificación prevista mobilizando conxuntamente as competencias transversais que se requiran.	1-3		5	3	1-3	2	3	
OBX3 - Presentar os resultados asociados ao proxecto competencial empregando dun xeito respectuoso estratexias e ferramentas de comunicación adecuadas cunha linguaxe verbal e corporal positiva, control das emocións negativas e, de ser o caso, co uso de recursos informáticos e audiovisuais.	1-5	3	3	2-3	1-3			3-4

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	As ONGs e asociacións de axuda ás demais persoas.	Cada grupo fará a escolla dunha ONG ou asociación benéfica e reflectirá o traballo de cada unha delas.	30	12	X		
2	As asociacións de axuda aos demais na miña comunidade	Coñecemento da realidade da súa contorna e da solidariedade de distintos grupos benéficos e tamén das canceiras.	30	13		X	
3	Axudamos!	A labor de axuda do alumnado	40	10			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	As ONGs e asociacións de axuda ás demais persoas.	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Recoñecemento das diferentes labores que levan adiante as diferentes ONGs máis relevantes	TI	100
CA1.2 - Identificar e determinar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Identificación de como traballa cada una das ONGs e institucións de axuda as persoas e animais en situacións adversas.		
CA1.3 - Identificar, seleccionar e analizar a información que se precisa.	Comprensión da información que obtiveron sobre as ONGs e institucións benéficas		
CA1.4 - Realizar a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Aportacións de ideas e temporalización da colaboración coas institucións coas que traballamos.		
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Coñecemento de obstáculos no proxecto e posibles cambios a realizar coa procura de outras opcións		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procura e selección de información relacionada cos proxectos. - Planificación: secuenciación e temporalización.

UD	Título da UD	Duración
2	As asociacións de axuda aos demais na miña comunidade	13

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	Executar as actuacións planificadas	TI	100
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Aplicar os coñecementos axeitados		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Empregar recursos e materiais necesarios		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Resolver as incidencias xurdidas.		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Valorar os resultados logrados		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Execución de proxectos: dinámicas e roles.

UD	Título da UD	Duración
3	Axudamos!	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	Execución das actuacións propostas.	TI	100
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Aplicar e mobilizar as competencias aprendidas.		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Empregar os recursos previstos para a axuda a diferentes organizacións da súa contorna.		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Comunicar os problemas xurdidos nas actuacións levadas a cabo.		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Valorar o grao de satisfacción coas labores desenvolvidas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Presentar o proxecto aos compañeiros/as e expoñer fotografías do traballo realizado		
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar correctamente a linguaxe verbal para expoñer o traballo realizado.		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Expresarse de forma clara, acompañados tamén da linguaxe corporal.		
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Potenciar as emocións positivas logradas ao longo do proxecto. Controlar calquera emoción negativa que xurdise ao longo do proxecto		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Empregar recursos dixitais, audiovisuais de apoio na exposición do proxecto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Execución de proxectos: dinámicas e roles. - Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta. - Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Ao longo de todo o curso levarase a cabo o seguinte proxecto: "Axuda á comunidade".

As actividades propostas ao longo do curso están dirixidas a reforzar os aspectos máis transversais do currículo, favorecendo a capacidade de solidariedade e empatía do alumnado. A finalidade é fomentar o interese e desenvolver a confianza, autoestima, autonomía do alumnado e que sexan quen de coñecer outras realidades e vivencias distintas ás súas e de desenvolver a capacidade de axudar aos demais persoas (tamén aos animais) que estean a pasar unha situación de abandono, soidade, falta de recursos...

O proxecto será realizado en grupos de traballo cooperativo, nos cales o alumnado buscará información e coñecerá como actúan as máis relevantes ONGs e organizacións benéficas e a forma de traballar de cada unha.

Logo, esa información versará sobre estas institucións de axuda aos máis desfavorecidos na súa contorna.

E, finalmente, será o propio alumnado o que actúe, colaborando coa súa axuda para acadar un mundo un pouco millor.

Na PRIMEIRA AVALIACIÓN, explícase a finalidade do proxecto: escoller e reflexionar sobre unha temática relativa ás inxustizas sociais e as diferentes ONGs que prestan axuda a nivel mundial. ENTre elas centrarémonos nas seguintes: Médicos sen fronteiras, Intermon Oxfam, ACNUR, Open arms, Amnistía internacional, Save the Children, Cruz Roja, Cáritas, Unicef...

Todas elas colaboran con persoas que sofren diferentes situacións con temáticas relativas á xenofobia, abuso de poder, nenos en casos de explotación laboral e, ás veces, sexual; pobreza, refuxiados que foxen dos seus países, persoas en medio de catástrofes....

Recompilarase información sobre a temática escollida. Farase un plan de traballo, planificando tarefas, tempos, recursos e materiais que se van empregar.

Dado que esta avaliación coincide en decembro co inicio do Nadal, intentaremos facer unha recollida de xoguetes para doar a algunha ONG de Pontevedra e o alumnado elaborará diferentes cousas: marcapáxinas, pulseras, bonecos con pompons, alambrismo e se se pode facer no centro un pequeno mercadillo para recolectar algúns cartos que

tamén serán doados a unha ONG. No caso de que non se venderan, poden incluírse como agasallos para doar. En principio a Organización de axuda de Pontevedra: Boa vida.

Na SEGUNDA AVALIACIÓN, investigarán as aportacións das diferentes ONGs e institucións de axuda aos máis desfavorecidos, pero xa na súa contorna, na cidade de Pontevedra.

Seguiremos coas súas cooperación. entre outras destacamos, de ser posible: recollida de alimentos para o banco destes na propia cidade. Paseo a cans da canceira "Os Palleiros", visita á residencia de anciáns...

Na TERCEIRA AVALIACIÓN: de ser posible, (depende da situación académica do alumnado e da posible organización no centro) continuarán a súa labor de cooperación.

Ademais, será o momento de reflexionar e expoñer todo aquilo que realizaron: dando resposta a pregunta de, conseguimos co noso proxecto que alguén se sentise mellor? E, tamén: como nos sentimos nós? Somos mellores persoas? Estamos satisfeitos co realizado?

Exposición do proxecto desenvolvido por medio da realización de murais con fotografías dos labores realizados. E, a labor de concienciar aos demais compañeiros/as do importante que é facer algo bo polos demais.

Neste proxecto, trabállanse as todas as competencias clave contribuíndo interdisciplinarmente as seguintes materias:

- Lingua Castelá (expresión oral e escrita, comprensión da información, lectura de textos...).
- Lingua Galega (expresión oral e escrita, comprensión da información, lectura de textos...).
- Xeografía e Historia (lugares onde traballan as ONGs eleixidas, sitios da súa propia contorna...).
- Educación en Valores Cívicos e Éticos (comportamento social, toma de conciencia das inxustizas sociais...).
- Educación Plástica, Visual e Audiovisual, fomento das TICs (fotografías, vídeos, paneis informativos, emprego da rede Internet...)

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Materiais e recursos didácticos

Ordenadores.Móviles (tras petición ao equipo directivo).Caderno de actividades. Libros. Pantalla dixital. Cartulinas e rotuladores, lanas, goma eva, fieltro, material de alambre, cuentas de pulseiras, aneles, colares,etc

* Descrición

O espazo habitual no que se desenvolverán as clases durante a primeira avaliación será a aula de clase , onde os distintos grupos buscarán a información sobre o proxecto, no primeiro mes a nivel individual e despois coa disposición de pupitres en grupos de catro. Para a realización das súas actividades manuais: ou ben aula de debuxo ou as de Polos Creativos, se non están ocupadas nas horas lectivas que precisamos.

Xa na segunda avaliación: As sesións tamén poden ser levadas a cabo nas aulas de Debuxo ou no espazo de Polos Creativos do centro.

Ademais faremos saídas á canceira "Os Palleiros", ao banco de alimentos e a residencia de anciáns. Sempre que sexa posible.

Charla ou visita á "Comercio Xusto" de Pontevedra

Na última avaliación, contrastando as labores desempeñadas, algunha clases na aula e despois na aula de Artes e Polos Creativos para a elaboración dos seus murais e exposicións polos corredores do centro.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

* Descrición

Ao inicio de curso, nas primeiras sesións, realizarase unha proba inicial baseada en competencias clave. O seu obxectivo é facilitar información sobre distintos aspectos do alumnado, tales como posibles dificultades de aprendizaxe ou capacidades por riba da media do grupo. A dita información servirá para programar as adaptacións precisas, así como para a elaboración das actividades de reforzo e de ampliación no caso de ser necesarias.

Os resultados da dita proba daranse a coñecer durante unha reunión establecida polo centro ao inicio do curso e na que se atopará a totalidade da xunta avaliadora. En función dos resultados obtidos, e sempre coa intervención do departamento de orientación levaranse a cabo as medidas de atención pertinentes.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	30	30	40	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

Criterios de cualificación

Entre os procedementos de avaliación:

- PRIMEIRA AVALIACIÓN: Presentación e entrega do dossier coa información solicitada. Valorarase tamén o grao de atención, disposición e solidariedade do alumnado coa materia que esteamos traballando. O traballo desenvolvido e colaboración con todas as actividades relacionadas coa creación das súas manualidades, implicación na recollida de xoguetes.

- SEGUNDA AVALIACIÓN: Traballo en equipo. Participación activa coa visita e paseo aos cans da canceira "Os Palleiros", e recollida de alimentos para axudar ao banco de alimentos da súa propia cidade, Pontevedra.

Tamén grao de atención e disposición con respecto ao labor que desempeña "Comercio Xusto" tanto en Pontevedra como noutros lugares.

- TERCEIRA AVALIACIÓN: Presentación e entrega do dossier coa información sobre as súas experiencias no proxecto. Exposición de fotografías e murais sobre o proxecto.

Como instrumentos de avaliación, empregaranse distintas listas de cotexo e rúbricas asociadas aos anteriores procedementos. Nestas rúbricas avaliaranse aspectos de traballo cooperativo, desempeño da axuda nas determinadas saídas de cooperación, realización de tarefas individuais, presentación, orde, produtos finais.

A nota da avaliación ordinaria en xuño virá dada pola media aritmética das notas das avaliacións parciais.

Criterios de recuperación:

* Criterios de recuperación

No caso de que un alumna/o non realice as tarefas asignadas ou non coopere adecuadamente no grupo de traballo dificultando o desenvolvemento do proxecto, terá que realizar unha proba escrita, a cal constará de distintas preguntas test de resposta única sobre diferentes aspectos traballados neste proxecto.

A nota de dita proba representará a nota da avaliación parcial correspondente.

De igual xeito, no caso de que unha alumna/o teña dúas avaliacións suspensas, deberá realizar unha proba escrita final, con preguntas test de resposta única sobre diferentes aspectos traballados neste proxecto.

6. Medidas de atención á diversidade

* Descrición

Para os alumnos/as con necesidades específicas de apoio educativo serán deseñadas de xeito específico de modo que se facilite o desempeño do seu rol no proxecto. Do mesmo modo, prestaráselle unha maior atención na aula e nas actividades fóra da aula, estando pendentes en todo momento do seu desempeño así como da consecución das súas tarefas individuais. Todo isto sen prexuízo de que a medida que avance o curso poida detectarse a necesidade deste tipo de actividades individualizadas noutros alumnos/as establecéndose, de ser o caso, os necesarios reforzos educativos.

Por outra banda, tamén están previstas actividades de ampliación para aquel alumnado que presente un maior ritmo

de aprendizaxe. Tratarase de actividades motivadoras, que en todo caso vaian máis aló dos xa afianzados mínimos da materia e que supoñan un maior desafío na busca de información, así como a interrelación dos diferentes contidos.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Comprensión da Lectura	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X
ET.3 - Comunicación Audiovisual			X
ET.4 - Competencia Dixital	X	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial		X	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero	X	X	X
ET.9 - Creatividade	X	X	X

Observacións:

Observacións:

No deseño de actividades á hora de traballar en grupo:

- Fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.

- Promoverase a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.

- Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Recollida de xoguetes para O Nadal	Donación á organización benéfica Boa Vida de Pontevedra	X		

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Elaboración das súas propias manualidades	Venta nun mercadillo realizado no propio IES e posterior doación a unha asociación benéfica da cidade.	X		
Saídas coa finalidade de axudar á comunidade.	Paseo aos cans da canceira "Os Palleiros"		X	
Presentación das diferentes actividades que realizaron	Exposición de fotografías, murais...			X

Observacións:

Observacións: Presentación do proxecto ante os seus compañeiros/as de clase e exposición fotográfica e murais por todo o centro do traballo desenvolvido.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Adecuación do nivel de dificultade ás necesidades do alumnado
Metodoloxía empregada
Utilización de distintas estratexias metodolóxicas en función das unidades didácticas
Medidas de atención á diversidade
Toma de medidas de atención á diversidade para atender ao alumnado con NEAE no deseño das actividades
Clima de traballo na aula
Participación activa de todo o alumnado
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Apoio e implicación por parte das familias no traballo do alumnado.

Descrición:

Descrición

Estes indicadores de logro pretenden avaliar aspectos como a adecuación da proposta educativa ás características do grupo, a idoneidade das metodoloxías empregadas en cada momento, o grao de participación de alumnado e familias no proceso de ensino ou a adecuada resposta ás necesidades específicas do alumnado.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Descrición

A principal referencia da que se disporá para este procedemento de seguimento e autoavaliación será a temporalización definida ao inicio do curso, debéndose analizar de xeito periódico se o programado se corresponde coas necesidades do alumnado, de modo que o desenvolvemento das unidades didácticas siga o calendario previsto. O documento elaborado para levar dito seguimento constituirase como un caderno de traballo na aula. Neste caderno do docente, reflectirase o desenvolvemento efectivo das sesións, facendo fincapé no aproveitamento destas e dos recursos dispoñibles.

O propio seguimento da programación será realizado en Proens cando menos, unha vez ao mes, tal e como se reflicte na normtativa, deixando constancia nas actas de reunión de departamento.

9. Outros apartados